

DIARIO DE RUTA

ANDAINA REALIZADA O 25 DE AGOSTO DE 2018 POLO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS (IEU) EN COLABORACIÓN CO PROGRAMA MONUMENTA DA XUNTA DE GALICIA NO ITINERARIO “Emilia Pardo Bazán e os pazos de Ulloa”

Buscar unha relación entre Dona Emilia Pardo Bazán e os pazos espallados pola Ulloa non é doado cando non hai constancia documental de que a escritora residira ou visitara algún dos pazos da comarca lucense. É coñecida, en cambio, a súa relación co pazo de Liñares de Lalín, propiedade da familia Taboada, amigos dos seus parentes os Quiroga, onde a condesa de Pardo Bazán pasou tempadas de verán.

Por outra parte, pouco ten que ver o pazo de Liñares, de estilo barroco compostelán e salóns ricamente ornamentados, cos da Ulloa, a non ser o caso do fermoso pazo barroco de Santa Mariña de Amarente (Antas de Ulla), que foi solar dos condes de Torre Penela. Os demais pazos ulloáns ou teñen marcado carácter agrario, ou unha orixe mais antiga, medieval, e a súa estrutura aseméllase máis a unha casa forte, casa torre ou fortaleza, como son o pazo de Castro de Amarante (Antas de Ulla), a torre de San Miguel de Penas (Monterroso) ou o castelo de Pambre (Palas de Rei).

Por esa razón os historiadores do IEU decidiron que a andaina percorrera o corazón da comarca da Ulloa, para dar a coñecer as súas orixes e a posible inspiración da obra da Pardo Bazán. Por unha parte, pretendía ser unha viaxe no tempo, á Ulloa medieval na que se levantaron fermosas igrexas románicas como a de San Miguel de Coence e castelos como o de Pambre, construído pola familia Ulloa. Por outra, a historiadora do IEU María José Gómez Albite optou por recuperar, ao seu paso por Palas de Rei, un antigo Camiño Real polo que transitaron peregrinos a Compostela e que partindo do pazo de A Laxe levaríanos ata o castelo de Pambre.

Comezamos a andaina na Igrexa de San Miguel de Coence. O máis madrugador foi Francisco do Romualdo, o intérprete de romances de cego e protagonista musical da xornada, que xa o día anterior fora, xunto con Francisco Pardo, a inspeccionar o acondicionamento da igrexa e do castelo. E pouco a pouco foron chegando os demais asistentes: participantes procedentes de diferentes puntos de Galicia ou visitantes interesados na cultura galega; varios socios e socias do IEU, o noso vicedirector Jesús Otero Calvo, a relatora María José G. Albite (o outro relator Xurxo Mouriño, agardaría por nos na ponte de Pambre); os organizadores de Monumenta, Marta Becerro e Xulio Gómez; e do Concello de Palas, a súa técnica de Cultura, Divina Agra, e os membros de protección civil. En total 65 persoas dispostas a percorrer os 8 km que separan Coence de Pambre, a través dun camiño real que fora recuperado e limpadó días antes polo Concello de Palas de Rei para facilitar a andaina.

O inicio da andaina non puido ser mais intenso cultural e simbólicamente. Baixo o arco triunfal da Igrexa de San Miguel, con historiados capiteis románicos e parede decorada con fermosísimas pinturas medievais, sentáronse María José e Francisco de Romualdo. Despois das presentacións oficiais, Francisco interpretou, acompañado coa súa zanfona, o romance de Don Gaiferos, no marco idóneo para dar folgos aos camiñantes. A continuación María José falou do percorrido, dos camiños reais, dos espazos, dos tempos, da Ulloa... e explicou detalladamente os compoñentes arquitectónicos da igrexa, magnífico exemplo do románico rural.

Ao saír da igrexa xuntámonos todos os asistentes ao redor do cruceiro, baixo a casa grande de San Miguel, que fora de Xulio García, rico propietario, emprendedor e deputado nas cortes a principios do século XX. Ao pé do cruceiro, Francisco Pardo, director do IEU, explicou as diferenzas entre casas grandes, pazos e casas fortes, xa que eran varias as que se ían ver no percorrido, e relacionou a novela “Os pazos de Ulloa” e os seus personaxes coa andaina.

A uns 500 m entramos, por camiños de consistentes muros, na propiedade do pazo de Laxe, da familia Taboada, para poder incorporarnos ao Camiño Real que a atravesa, xa que esta casa interrompe o camiño porque tiña o privilexio de cobrar unha taxa aos viaxeiros que pasaban por el. A través dun bosque privado, sinalado oportunamente por Divina Agra e os seus axudantes, incorporámonos ao acceso público do Camiño Real, onde Francisco Pardo explicou a importancia deste pazo e as súas características.

Continuamos a nosa andaina, non sen certas dificultades, xa que algúns tramos eran verdadeiros “camiños da auga”, antes transitables e cun gran encanto paixasístico, pero hoxe encharcados pola falta de drenaxe debido ao abandono do campo.

Camiñando polo corazón da Ulloa, pasando por campos de antas, soutos centenarios, húmidas carballeiras, inmensos carballos, pequenas explotacións agrícola, vacas de camiñar lento asustadas polos camiñantes foráneos,... chegamos á aldea de Leilón, onde paramos na fermosa fonte do pazo dos Ouro. Diante da fonte, desgraciadamente sen auga, Francisco Pardo falou do pazo e da familia Ouro, xente de gran patrimonio e orixe fidalga, que fora duramente represaliada no franquismo pola súas conviccións republicanas. Pouco que ver coa fidalguía decadente do XIX da que nos fala Dona Emilia na súa novela.

Explicou tamén o director do IEU que as terras de Repostería, no centro do señorío de Ulloa, foran doadas por Fernando IV a Sancho de Ulloa polos servizos prestados a coroa, xa que este Ulloa fora “reposteiro” de seu pai, o rei Sancho IV. Posteriormente, Enrique II de Trastámara doara a Gonzalo Ozores de Ulloa, construtor da Torre de Pambre, os señoríos de Ulloa e de Monterroso, xerme da comarca da Ulloa.

Unha vez deixado atrás San Cibrao de Repostería, baixamos zigzagueando polo sendeiro dunha fermosísima fraga ata o río Pambre. Seguindo o camiño real chegamos á ponte medieval, onde os antigos viaxeiros pagaban aos condes de Monterrei unha taxa por pasalo. Ao pé da ponte agardaban o biólogo Xurxo Mouriño, que nos falou da flora e da fauna da Ulloa, e oportunamente Francisco do Romualdo interpretou, acompañado novamente pola súa zanfona, o romance de San Antonio, que relataba o milagre do santo coas aves.

De camiño ao castelo, Francisco Pardo falou dos persoerios mais destacados da familia Ulloa, da súa importancia na Galicia do século XV e das fases de construción do castelo de Pambre. Chegamos tarde ao castelo, xa pasaran dúas horas do peche, pero grazas a amabilidade dos vixilantes, puidemos entrar ao patio de armas. Unha vez dentro, Santiago Vázquez Collazo, o arqueólogo que dirixiu as escavacións no castelo durante a súa rehabilitación, deunos unha magnífica explicación da arquitectura da fortaleza e dos recentes achados arqueolóxicos.

Rematada a andaina, un autobús levounos ao punto de partida, San Miguel de Coence, xa con fame pero coa lembranza dun fermosísimo percorrido polo corazón da Ulloa.

Sección de Historia do Instituto de Estudos Ulloáns, agosto de 2018